



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a catro **profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior, no ano 2022, agás aquel ou aqueles que xa non teñen destino neste centro, que serán substituídos polos suplentes da vindeira elección.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data na secretaría do centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 11 **de novembro**.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres nomes** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén á fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocarase Claustro telemático de Profesores/as, a tales efectos, para o día **13 de novembro (mércores), ás 16 horas e 30 minutos**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ortigueira, 29 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,